



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

## SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBIERNO LOCAL DO DIA 1 DE DEZEMBRO DE 2020

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día un de decembro de dous mil vinte, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúñese a Xunta de Gobierno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguíñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parcero Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona María Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examinaronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### 1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 24 de novembro de 2020

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular alguma observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Gobierno Local de data 24 de novembro de 2020 e, ao non se formular, a Xunta de Gobierno Local, por unanimidade dos oito membros que a componen, aprobou o citado borrador.

### 2º. Boletíns e correspondencia

Non se tratou este punto da orde do día.

### 3º. Expedientes de contratación

#### 3.1.- Aprobación do expediente de contratación núm. 2020/C004/000013, por procedemento aberto simplificado, (cun único criterio de adxudicación, factor prezo), correspondente ao servizo de “Mediación e distribución entre os medios de comunicación social, de campañas institucionais, publicitarias e de comunicación do Concello de Cambre”

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 26 de novembro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data do 11 de novembro de 2020, asínase polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime interior municipal, coa conformidade do alcalde, a memoria xustificativa da necesidade, idoneidade, insuficiencia de medios, motivación da non división en lotes e xustificación da elección do procedemento, para a contratación do servizo



CONCELLO DE  
CAMBRE

R.E.L. 01150177

de mediación e distribución entre os medios de comunicación social, de campañas institucionais, publicitarias e de comunicación do Concello de Cambre.

Con data 23 de novembro de 2020 asínase polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime interior municipal o prego de prescricións técnicas para a contratación do servizo de mediación e distribución entre os medios de comunicación social, de campañas institucionais, publicitarias e de comunicación do Concello de Cambre, cun valor estimado de 98.946,60 euros e un orzamento base de licitación de 39.908,44 euros.

Con data do 23 de novembro asínase polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime interior municipal o informe técnico relativo á proposta para iniciar expediente de contratación, aos criterios de valoración, solvencia esixible aos licitadores, condicións especiais de execución e réxime de penalizacións para a contratación do servizo de mediación e distribución entre os medios de comunicación social, de campañas institucionais, publicitarias e de comunicación do Concello de Cambre.

Consta Informe de Intervención asinado o 24 de abril de 2020, respecto da existencia no orzamento de 2020 de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 920.22602.

Consta a providencia da concelleira-delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 24 de novembro de 2020, de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto simplificado, de conformidade co establecido nos artigos 131 e 159 e concordantes da LCSP.

Visto o informe emitido pola secretaría xeral e máis polo interventor municipais, de data 26 de novembro de 2020, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordo a adoptar.

Constando todos os documentos preceptivos, e tendo en conta as atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propón a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato para o servizo de “**Mediación e distribución entre os medios de comunicación social, de campañas institucionais, publicitarias e de comunicación do Concello de Cambre**”, dando así cumprimento ás competencias propias municipais ás competencias municipais en distintas materias, (cultura, promoción do tempo libre, infraestructuras,...) dentro do ámbito do art. 25.2 , apartados h), m) e ñ), da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, segundo o cal “*o municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos términos da legislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: ...información e promoción da actividad turística de interese e ámbito local....., promoción da cultura e equipamentos culturais.....; promoción no seu término municipal da participación dos ciudadáns no uso eficiente e sostenible das tecnoloxías da información e das comunicacións*”; e ante a insuficiencia dos medios personais e materiais cos que conta o Concello de Cambre para poder levar a cabo este servizo, tendo en conta que se veñen realizando anualmente actividades ou eventos culturais, turísticos, deportivos, comerciales, formativos, etc que precisan da utilización de ferramentas axeitadas para que as actividades e eventos sexan aproveitados fundamentalmente polo público ao que están destinados, de maneira que os recursos públicos se executen con eficacia e eficiencia, quedando acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, a idoneidade do obxecto e o contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido nos artigos 1, 28 e 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

**Segundo:** Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. **2020/C004/000013**, por procedemento aberto simplificado, (cun único criterio de adxudicación, factor prezo), correspondente ao servizo de “Mediación e distribución entre os medios de comunicación social, de campañas institucionais, publicitarias e de comunicación do Concello de Cambre”, cun valor estimado total de 98.946,60 euros e un orzamento base de licitación de 39.908,44 euros IVA incluido, isto a teor do establecido nos artigos 131.2, 145.1 e 159 e concordantes da LCSP.

**Terceiro:** Aprobar o gasto por conta da aplicación orzamentaria 920.22602.

**Cuarto:** Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e mailo prego de prescripcións técnicas, e aprobar as características propias deste contrato, tal e como aparecen reflectidas no Anexo I do prego administrativo.

**Quinto:** Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda, punto 7, da LCSP, a mesa de contratación estará composta por:

Presidenta: A Sra. concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos dona María Dolores Pan Lesta e, como suplente, o Sr. Concelleiro de Urbanismo e Obras, don Juan González Leirós .

Vogais: A secretaria xeral da Corporación dona María Luisa de la Red Ampudia e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa.

O interventor municipal don Francisco Javier Ulloa Arias e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa.

A técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, responsable de Contratación, dona María Fernanda Montero Carré e, como suplente, o técnico de administración xeral adscrito á área de urbanismo, don Fernando M. Garrido Negreira.

A xefa da Unidade de Régime Interior municipal, dona Paula Villamizar Varela, e como suplente, ao xefe da Área de Urbanismo e Régime Interior municipal, don Emilio Martínez Cubero.

Secretaria: A auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Secretaría dona M<sup>a</sup> Juncal Capín Fonseca e, como suplente, a técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, dona Verónica María Otero López.

**Sexto:** Dispoñer a apertura do procedemento de licitación mediante a publicación do correspondente anuncio no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP.

**Sétimo:** Publicar o presente acordo no Perfil do Contratante, así como os documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da LCSP.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a componen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

#### 4º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 20 ao 26 de novembro do ano que andamos, que comeza coa resolución da concelleira delegada da área de Servizos e Seguridade Cidadá número 1754/2020 e remata coa resolución da alcaldía número 1823/2020, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1754/2020	20-11-2020	Expedientes sancionadores de tráfico. Recurso de reposición Non identificar ao condutor
1755/2020	20-11-2020	Autorización transmisión urnas perimetrais sinaladas co número 12, letras A, B, C e D, no cemiterio Municipal de Cambre a favor de dona EBM
1756/2020	20-11-2020	Autorización apertura urna central numero 29 letra A , no cemiterio municipal de Cambre, co fin de inhumar o cadáver de dona MPVM, falecida o día 9 de outubro de 2020
1759/2020	20-11-2020	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 24 de novembro de 2020
1760/2020	20-11-2020	Expediente de transferencia de crédito núm. 15/2020. Amortización de endebedamento
1761/2020	20-11-2020	Aprobación da liquidación do IRPF de persoal do mes de outubro de 2020 e o seu pagamento
1762/2020	20-11-2020	Liquidación do Imposto sobre o valor da producción da enerxía eléctrica do ano 2019
1763/2020	20-11-2020	CM_Mellora das coleccións_bibliotecas_CONV. EXTRAORDINARIA
1764/2020	20-11-2020	Aprobación de cotas de amortización e xuros dos préstamos vixentes do Concello de Cambre do cuarto trimestre de 2020
1765/2020	21-11-2020	Concesión axuda emerxencia social alimentación a MRCB durante un máximo de 18 meses, condicionado ao cumprimento do proxecto
1766/2020	21-11-2020	Concesión axuda emerxencia social alimentación a NSV durante 18 meses condicionada ao cumprimento do proxecto
1767/2020	21-11-2020	Concesión tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade a MAGG
1768/2020	21-11-2020	Concesión axuda vale alimentos a ACLC durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1769/2020	23-11-2020	Conceder a licenza para movementos de terra na parcela núm. 1055 da concentración parcelaria de Stª Mª de Vigo. Solicitante: CCM
1770/2020	23-11-2020	Conceder a licenza de segregación de finca en



CONCELLO DE  
CAMBRE

R.E.L. 01150177

		Aián, Sigrás, en tres parcelas. Solicitante: M <sup>a</sup> TMP
1771/2020	23-11-2020	Conceder a licenza de parcelación de finca de 3.254 m <sup>2</sup> en Sigrás de Abaixo en catro parcelas de 2.394 m <sup>2</sup> , 589 m <sup>2</sup> , 151 m <sup>2</sup> e 120 m <sup>2</sup> sendo as dúas últimas de cesión obligatoria ao concello. Solicitante: MBM
1772/2020	23-11-2020	Reposición legalidade urbanística por obras realizadas en nave industrial sita na Xira, Sigrás sen axustarse á comunicación previa presentada. Propiedade: A.J. S
1773/2020	23-11-2020	Licenza de edificación para rehabilitacion de vivienda unifamiliar sita en Lendoiro, Cecebre. Solicitante: ARA
1774/2020	23-11-2020	Declaración de ruña de vivenda sita en Canal Novo, Cecebre. Exp: 2015/I002/25
1775/2020	23-11-2020	Declaración de ruña da edificación situa en Canal, Cecebre. Propiedade: Herdeiros AR
1776/2020	23-11-2020	Aprobacion de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 168.966,10 euros
1777/2020	23-11-2020	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total 68.801,27 euros
1778/2020	23-11-2020	Concesión axuda recibo de auga a SBB por importe de 36,72 euros
1779/2020	23-11-2020	Concesión axuda de catro recibos de gas por importe total de 90,92 euros e recibo d eauga por importe de 46,26 euros a ADCM
1780/2020	23-11-2020	Concesión tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade a EEE
1781/2020	23-11-2020	Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 26 de novembro de 2020
1782/2020	23-11-2020	Tramitación de Convenio de colaboración entre a Asociación pola igualdade e a coeducación (APICO), o Concello de Cambre e a Funfación María José Jove
1783/2020	23-11-2020	Concesión axuda vale alimentos a MESA durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1784/2020	23-11-2020	Solicitud aboamento primeira achega subvención Asociación O Temple Comercial
1785/2020	24-11-2020	Conceder a licenza municipal para a ampliación da rede de gas natural canalizado para proporcionar subministración ao centro de servizos funerarios que se pretende instalar na finca sita na rúa Samosteiro, Cambre. Solicitante: NG, S.A.
1786/2020	24-11-2020	Expediente sancionador por realización de tala na parcela sita en Piñeiro, Brexo, sen ter depositado



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		o correspondente aval e carendo de título habilitante municipal pola empresa RF, SL.
1787/2020	24-11-2020	CM Subministración de mochilas publicitarias
1788/2020	24-11-2020	Aprobación actividades de Nadal: "Xogando no Nadal 2020" e "Concurso Cartel festividade de Reis Magos en cambre 2021"
1789/2020	24-11-2020	Reposición legalidade urbanística a don CFM, MJLR ELR pola colocación dun portal metálico con apertura corredeira sen a existencia de comunicación previa das obras, na parcela sita en Pombo, Pravio
1790/2020	24-11-2020	Concesión anticipo reintegrable a RPM por importe de 3.000 euros
1791/2020	24-11-2020	Celebración voda civil o 28 de novembro de 2020 ás 12 horas
1792/2020	24-11-2020	Concesión axuda emerxencia social alimentación a MCR durante un periodo máximo de 18 meses condicionado ao cumprimento do proxecto
1793/2020	24-11-2020	Concesión axuda emerxencia social alimentación a IGM durante un periodo máximo de 18 meses, condicionado ao cumprimento do proxecto (aplicación da nova Disposición Final Segunda incluída na ordenanza reguladora)
1794/2020	24-11-2020	Concesión axuda recibo auga a MEG por importe de 46,86 euros
1795/2020	24-11-2020	Solicitudade acondicionamento camiños e fincas por estado da vexetación de finca sita en Fontenla, Cambre Propiedade: P/E/LM/CL/MLLG
1796/2020	24-11-2020	Conceder a licenza municipal para executar unha cala de 1 m <sup>2</sup> para a localización e recrecido dunha tapa de válvula existente na acometida de gas natural canalizado sita na rúa Polígono, O Temple. Solicitante: NG,S.A.
1797/2020	24-11-2020	Aprobación programación e gasto de Nadal
1798/2020	24-11-2020	Bases convocatoria Obradoiro de Emprego
1799/2020	24-11-2020	Reposición legalidade urbanística a DFM e SAC pola execución de obras consistentes nunha soleira de formigón sen título habilitante, en Campos, Sigrás
1800/2020	24-11-2020	Concede a licenza municipal para executar unha acometida de gas natural canalizado na vivenda unifamiliar sita na rúa Drozo, Cambre. Solicitante: NG, S.A.
1801/2020	24-11-2020	Reposición legalidade urbanística a don JIVP pola execución de obras consistentes na reforma de baño na vivenda sita en Rio Valiña, Barcalal-Cambre, sen título habilitante
1802/2020	25-11-2020	Corrección errores materiais contratados servizo



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		control de poboación de pombas e estudo poboacional de gaivotas no Concello de Cambre
1803/2020	25-11-2020	Aprobación Proxecto Vivenzas de Cambre
1804/2020	25-11-2020	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total 8.470,00 euros
1805/2020	25-11-2020	Recurso contencioso-administrativo, procedemento abreviado número 0000165/2020 Representación e defensa. Expte. 2020/P001/000002 responsabilidade patrimonial. Reclamante Marisa Barcón Brea
1806/2020	25-11-2020	Reposición legalidade urbanística por colocación de valla publicitaria en O Temple, Cambre nos alrededores do Paraugas. Propiedade: ICdeMC
1807/2020	26-11-2020	Aprobación de certificacións correspondentes á obra Acondicionamento do Rio Mero, e recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes a facturas por importe total de 29.348,20 euros, así como o seu pagamento
1808/2020	26-11-2020	Contrato Menor mediante sistema de vale pedido para las obras adecuación e mellora das antigas oficinas da OMIX
1809/2020	26-11-2020	Expediente de transferencia de crédito núm.16/2020. Área de gasto 1
1810/2020	26-11-2020	Sementeira subvencións nominativas 2020
1811/2020	26-11-2020	Expediente sancionador a YSL polo exercicio de actividade en baixo sito en rúa Pablo Manzano
1812/2020	26-11-2020	Solicitude subvención PACEs (Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía sustentable). Aprobación da conta xustificativa
1813/2020	26-11-2020	Solicitude acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita no Corgo, con ramas invadindo camiño público e abundante maleza. Propiedade: GCP e JCCP
1814/2020	26-11-2020	Expediente sancionador por depósito de materiais en finca sita en Peirao, Bribes por JMM
1815/2020	26-11-2020	Conceder a licenza municipal para realizar unha acometida eléctrica para unha bomba de rega na finca sita en San Paio, Brexo. Solicitante: UFD DE, S.A.
1816/2020	26-11-2020	Autorización cambio de vehículo na licenza de taxi número 18
1817/2020	26-11-2020	Expedientes sancionadores de tráfico
1818/2020	26-11-2020	Concesión licenza administrativa para a tenza de animais potencialmente perigosos e inscrpción do can identificado co chip 941000025809697. Solicitante: LAOF
1819/2020	26-11-2020	Concesión licenza administrativa para a tenza de



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		animais potencialmente perigosos e inscrición do can identificado co chip 941000021707735.Solicitante: LVP
1820/2020	26-11-2020	Concesión axuda aluguer por importe de 155 euros a JCGA
1821/2020	26-11-2020	Aprobación do gasto e da actividade de adquisición de cestas de Nadal para as familias en situación de emerxencia social do Concello de Cambre
1822/2020	26-11-2020	Aprobación da achega económica do Concello de Cambre ao desenvolvemento da Liga Municipal de fútbol sala dos concellos Cambre e Carral 2019
1823/2020	26-11-2020	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total 3.079,42 euros

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos seguintes asuntos:

– Proposta de Modificación do contrato de Organización e desenvolvemento dos campamentos urbanos do Concello de Cambre nos períodos vacacionais escolares, para o Nadal do ano 2020, por mor da situación da crise sanitaria do Covid-19. Expte: 2018/C004/000025

– Proposta de devolución da garantía complementaria á empresa *Instalaciones Eléctricas Coruñesas, S.L.* (*INSTELEC*). adjudicataria do “Mellora da iluminación mediante sistemas LED na rúa Curros Enríquez, rúa Constitución, rúa Celso Emilio Ferreiro, Parque Francisco Rodríguez, Praza Miguel Angel Blanco e outras” comprendido no *Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) “POS+ 2017”*. Expediente 2017/C005/000004

– Proposta de adxudicación do contrato menor para a substitución de rede de saneamento na rúa Miguel González Garcés, Cambre, á entidade Jardinería Arce, S.L. no prezo ofertado de 7.768,95 € sen IVE, 9.400,43 € IVE incluído. Expediente núm. 2020/C002/000171

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos oito concelleiros que componen a Xunta de Goberno Local.

**A) Proposta de Modificación do contrato de Organización e desenvolvemento dos campamentos urbanos do Concello de Cambre nos períodos vacacionais escolares, para o Nadal do ano 2020, por mor da situación da crise sanitaria do Covid-19. Expte: 2018/C004/000025**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 30 de novembro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Por Acordo de Xunta de Goberno Local de data 30 de xullo de 2019 foi adxudicado o contrato para a organización e desenvolvemento dos Campamentos urbanos do Concello de Cambre nos períodos vacacionais escolares, (exp. 2018/C004/000025) á empresa “Hebe Sport, S.L.”, con CIF B15890809, por un importe total de 155.886,02 euros IVE incluido.



CONCELLO DE  
CAMBRE

R.E.L. 01150177

O contrato foi formalizado con data do 28 de agosto de 2019, (asinándose un documento corrixido con data do 4 de outubro de 2019, se ben con efectos da formalización desde o 28 de agosto anterior) e , segundo o establecido na súa cláusula cuarta, de conformidade co disposto na cláusula 6 do Prego de cláusulas administrativas particulares, o seu prazo de duración é de dous anos, sendo os seus prazos parciais de execución os comprendidos nos períodos vacacionais escolares de Entroido, Semana Santa, verán e Nadal, polo que a súa duración abarca ata o 28 de agosto de 2021.

O obxecto deste contrato consiste en desenvolver un programa de accións dirixidas á ocupación do tempo libre e de lecer dos nenos en idade escolar, que se desenvolven nas datas nas que non hai curso escolar (verán, Entroido, Nadal e Semana Santa), actividades que se veñen incluindo nun contexto de conciliación da vida familiar e laboral, en cumprimento das competencias municipais en materia de ocupación do tempo libre.

Con motivo da situación da crise sanitaria derivada do Covid-19, o Sr. Alcalde do Concello de Cambre, con data do día 17 de abril de 2020 ditou a resolución número 524/2020 na que , entre outros aspectos, se acorda “*Decretar a imposibilidade de ejecución do contrato para a organización e desenvolvimento dos Campamentos urbanos do Concello de Cambre nos períodos vacacionais escolares (exp. 2018/C004/000025), do que é adjudicataria a empresa “Hebe Sport, S.L.” e cuia vixencia se estende ata o día 28 de agosto de 2021, debido ás medidas adoptadas durante a vixencia do estado de alarma acordado por Real decreto 463/2020. En consecuencia, determinar que o día desde o que debe considerarse suspendido totalmente o contrato é o día 14 de marzo de 2020 e ata que a dita prestación poida reanudarse, unha vez cese a situación que motivou a suspensión, o que será comunicado ao contratista expresamente.*”

Con data do 16 de xuño de 2020, asínase pola animadora deportiva adscrita a Educación, coa conformidade do coordinador de cultura e educación, un informe no que, por mor da situación da crise sanitaria decretada,e tendo en conta a necesidade de poñer novamente en marcha os campamentos urbanos para o verán de 2020, se propón a modificación do contrato para o período do verán, que foi acordada pola Xunta de Goberno Local con data do 30 de xuño de 2020, reanudándose a execución do contrato, e asinado o correspondente contrato modificado con data do 10 de xullo seguinte.

Con data do 26 de novembro de 2020 asínase pola animadora deportiva adscrita a Educación, coa conformidade do coordinador de cultura e educación, un informe no que, por mor da situación da crise sanitaria decretada,e tendo en conta a necesidade de poñer novamente en marcha os campamentos urbanos para o Nadal de 2020, se propón a modificación do contrato , que se motiva do seguinte xeito :

*“Vista la situación imprevista y sobrevenida causada por la pandemia COVID-19 en la que nos vemos inmersos actualmente y por la que el Ayuntamiento de Cambre se ve obligado a tomar las medidas de seguridad e higiene establecidas por la Xunta de Galicia publicadas en el DOG de 4 de noviembre de 2020, a la hora de organizar el campamento urbano que va a llevar a cabo durante el periodo de vacaciones escolares de Navidad 2020-21 relativas principalmente a:*

- La ratio monitor/a – participante. Esta debe ser menor a la establecida en el contrato en vigor.
- El nº total de plazas máximas para este programa. Este debe ser menor al establecido en el contrato en vigor.
- El aforo en el lugar de realización de la actividad. Este debe ser menor al que era en ediciones anteriores”

Polo que se propón unha modificación consistente na adopción das seguintes medidas:

- Se reducirá la ratio monitor/a-participante a 1 por cada 5 participantes.
- Se fijará un máximo de cinco grupos de 5 personas en total con su monitor/a para cada uno de los servicios además ella coordinador y los/las 2 monitores/as de apoyo.
- Se establecerá un mínimo inferior al contemplado en el contrato para cada uno de los servicios resultando ser el siguiente:



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

SERVIZOS	Mínimo	Máximo
Atención aos participantes a 1ª hora	5	25
Almorzo	5	
Actividades	10	
Comida	10	
Transporte	10	

- En relación al servicio de atención a los participantes a 1ª hora de la mañana (de 7:30 a 9:30 horas) y desayuno (de 7:30 a 9:30 horas) se establecerán 5 grupos de 5 participantes cada uno con su monitor/a.
- En relación al servicio de comida (de 13:30 a 16:30 horas), se establecerán 5 grupos de 5 participantes cada uno con su monitor/a.

Todo ello, supondría:

- Ampliar el nº de personas destinadas al servicio atención a los participantes a 1ª hora de la mañana (de 7:30 a 9:30) y desayuno en dos monitores/as más ya que además de los 2 que ya están establecidos en el contrato en vigor destinaremos uno/a de los de apoyo que ya están también contemplados en el contrato en vigor, tal y como consta en la siguiente tabla:

SERVICIOS	EN EL CONTRATO EN VIGOR	AUMENTO PARA NAVIDAD 2020	AUMENTO Nª DE HORAS	IMPORTE ADJUDICACIÓN	IMPORTE TOTAL
Desayuno	1 (2h/día)	1 (2h/día) * 9 días	18 horas	13,21 e/h (IVA incluido)	237,78 euros (IVA incluido)
Atención participantes 1ª hora mañana	1 (2h/día)	1 (2h/día) * 9 días	18 horas	13,21 e/h (IVA incluido)	237,78 euros (IVA incluido)
<b>TOTAL IMPORTE AMPLIACIÓN CONTRATO</b>					475,56 euros (IVA incluido)

Esto supón unha ampliación no nº de persoas e horas do contrato, o que implica, tendo en conta os prezos de adxudicación, un importe total de 475,56 euros IVE incluido, cantidades que non acadan o 50 % do prezo do contrato.

En relación ao servizo de comida, no contrato en vigor está contemplado 4 monitores/as de 13:30 a 16:30 horas, polo que para manter os 5 grupos destinarase 1 monitor/a de apoio sin levar consigo esta medida gasto a maiores que o contemplado no contrato en vigor.

Consta a conformidade do adxudicatario coa modificación proposta, segundo escrito presentado a través da sede electrónica do Concello de Cambre pola empresa "Hebe Sport, S.L." con data do 27/11/2020 e nº de rexistro 202099900004706.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

Consta a emisión de documento de retención de crédito asinado o 23/11/2020 pola técnica de xestión orzamentaria de gastos e contabilidade, respecto da existencia no orzamento de 2020 de crédito suficiente para fazer fronte a esta modificación, na aplicación orzamentaria 326.22608

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria xeral da Corporación con data do 27/11/2020 que contén a proposta de acordos a adoptar, e mailo informe favorable do Interventor municipal, de data 29 de novembro de 2020,

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro:** Aproba-lo expediente de modificación do contrato para execución da prestación do servizo de organización e desenvolvemento de campamentos urbanos do Concello de Cambre, nos períodos vacacionais escolares , subscrito no expte. nº 2018/C004/000025 coa entidade "Hebe Sport, S.L." , de conformidade co establecido no artigo 205.2.b) da Lei 9/2017 de contratos do sector público, esto co fin de fazer fronte a circunstancias imprevisibles , debidas á situación imprevista e sobrevida causada pola pandemia COVID-19 , e pola que o Concello de Cambre vese obrigado a tomar as medidas de seguridade e hixiene establecidas pola Xunta de Galicia publicadas no DOG de 4 de novembro de 2020 á hora de organizar o campamento urbano que vai levar a cabo durante o período de vacacións escolares do Nadal 2020/2021.

A modificación aprobada supón , tal e como consta no informe emitido con data 26 de novembro pola animadora deportiva adscrita a Educación coa conformidade do coordinador da área, e que conta coa conformidade do contratista adxudicatario, a adopción das seguintes medidas:

- A ratio monitor/a – participante debe ser menor á establecida no contrato en vigor.
- O nº total de prazas máximas para este programa debe ser menor ao establecido no contrato en vigor.
- O aforo no lugar de realización da actividade debe ser menor ao que era en edicions anteriores

Polo que se propón unha modificación consistente na adopción das seguintes medidas:

- Se reducirá a ratio monitor/a-participante a 1 por cada 5 participantes.
- Se fixará un máximo de cinco grupos de 5 persoas en total co seu monitor/a para cada un dos servizos ademais do/a coordinador e os/as 2 monitores/as de apoio.
- Se establecerá un mínimo inferior ao contemplado no contrato para cada un dos servizos resultando ser o seguinte:

SERVIZOS	Mínimo	Máximo
Atención aos participantes a 1ª hora	5	25
Almorzo	5	
Actividades	10	
Comida	10	



CONCELLO DE  
CAMBRE

R.E.L. 01150177

Transporte	10	
------------	----	--

- En relación ao servizo de atención aos participantes a primeira hora da mañá (de 7:30 a 9:30 horas) e almorzo (de 7:30 a 9:30 horas) se establecerán 5 grupos de 5 participantes cada un co seu monitor/a.
- En relación ao servizo de comida (de 13:30 a 16:30 horas), se establecerán 5 grupos de 5 participantes cada un co seu monitor/a.

Todo elo, supón:

- Ampliar o número de persoas destinadas ao servizo de atención os participantes a primeira hora da mañá (de 7:30 a 9:30) e almorzo en dous monitores/as más xa que ademais dos 2 que xa están establecidos no contrato en vigor destinaremos uno/unha dos de apoio que ya están contemplados no contrato en vigor, tal e como consta na seguinte táboa :

SERVIZOS	NO CONTRATO EN VIGOR	AUMENTO PARA NADAL 2020	AUMENTO Nª DE HORAS	IMPORTE ADXUDICACIÓN	IMPORTE TOTAL
Almorzo	1 (2h/día)	1 (2h/día) * 9 días	18 horas	13,21 e/h (IVE incluido)	237,78 euros (IVE incluido)
Atención participantes <sup>1ª</sup> hora mañá	1 (2h/día)	1 (2h/día) * 9 días	18 horas	13,21 e/h (IVE incluido)	237,78 euros (IVE incluido)
<b>TOTAL IMPORTE AMPLIACIÓN CONTRATO</b>					<b>475,56 euros (IVE incluido)</b>

**Segundo :** A modificación antedita leva consigo un aumento no importe do contrato para o ano 2020, tal e como informa a animadora deportiva adscrita a Educación , coa conformidade do coordinador de actividades culturais e educativas, no seu informe emitido o 26 de novembro actual, de 475,56 euros IVE incluido, constando a conformidade do adxudicatario ao aumento do importe citado, esto segundo escrito presentado pola empresa "Hebe Sport, S.L." con data do 27/11/2020 e rexistrado ao nº 202099900004706

**Terceiro :** En consecuencia co anterior, aprobar o gasto por importe de 475,76 euros a cargo da aplicación orzamentaria 326.22608

**Cuarto :** Requirir á entidade adxudicataria, "Hebe Sport, S.L." , con enderezo na rúa Venezuela nº 3, 15160 Sada (A Coruña), para que, no prazo de quince días naturais, que comenzarán a contar a partir da notificación destes acordos, proceda á formalización da modificación do contrato, debendo nese mesmo prazo proceder ao reaxuste da garantía definitiva , por un importe de 21,62 euros, esto de conformidade co establecido nos artigos 203.3 e 109.3 da LCSP.

**Quinto :** Tendo en conta o establecido no artigo 207.3 in fine da Lei 9/2017, publicar un anuncio de modificación no Perfil de contratante do Concello de Cambre , integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, no



CONCELLO DE  
CAMBRE

R.E.L. 01150177

prazo de 5 días desde a aprobación da mesma, que deberá ir acompañado de todos os informes emitidos con carácter previo á súa aprobación.

**Sexto:** Contra o presente acordo cabe a interposición de recurso potestativo especial en materia de contratación, previo á interposición do contencioso-administrativo, iso de conformidade co establecido no art. 44., apartados 1.a) e 2. d) da LCSP e cláusula 32.1 do Prego de cláusulas administrativas particulares regulador do contrato.

O recurso poderá interponerse, no prazo de quince días hábiles (art. 50.1.e) da Lei 9/2017 de contratos do sector público ), a contar desde o día seguinte ao da publicación no Perfil de Contratante , sendo competente para resolvelo o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

O recurso substanciarase conforme ao establecido no artigo 50 e seguintes da LCSP, e contra a súa resolución soamente procederá a interposición de recurso contencioso-administrativo, segundo a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

De conformidade co establecido no artigo 51.3 da Lei 9/2017, o escrito de interposición do recurso especial en materia de contratación poderá presentarse nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedimento administrativo común das Administracións Públicas, e, así mesmo, poderá presentarse no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para a resolución do recurso.

Respecto da presentación do recurso ante o órgano de contratación, deberá presentarse na sede electrónica do Concello de Cambre, <https://sede.cambre.es>

Respecto da presentación ante o órgano competente para a resolución do recurso, e de conformidade coa Resolución do 21 de marzo de 2018, do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, "pola que se establecen os formularios normalizados que se van a emplegar nos procedementos de impugnación ante este tribunal, por competencia atribuída na Lei 14/2013 do 16 de decembro, de racionalización do sector público" (DOG nº 62 do 28/03/2018), os procedementos presentaranse preferentemente por vía electrónica a través dos formularios normalizados dispoñibles na sede electrónica [https://tacgal.xunta.gal/procedimentos\\_é.html](https://tacgal.xunta.gal/procedimentos_é.html). En todo caso, de conformidade coa Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedimento administrativo común das administracións públicas, a presentación electrónica será obligatoria para as administracións públicas, as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, as persoas que exerzan unha actividade profesional para a que se requira colexiación obligatoria para os trámites e actuacións que realicen coas Administracións públicas no exercicio da súa actividade profesional, e as persoas representantes dunha das anteriores.

Así mesmo, infórmaselles de que antes de interponer o recurso especial en materia de contratación, as persoas lexitimadas para iso, poderán solicitar ante o órgano competente para resolver o recurso a adopción de medidas cautelares. Tales medidas irán dirixidas a corrixir infraccións de procedemento ou impedir que se causen outros prexuízos aos intereses afectados. A tramitación das medidas provisionais substanciarase conforme ao disposto no artigo 49 da LCSP.

Contra a resolución do recurso especial en materia de contratación soamente procederá a interposición de recurso contencioso-administrativo, segundo a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. O prazo para interponer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a componen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**B) Proposta de devolución da garantía complementaria á empresa *Instalaciones Eléctricas Coruñesas, S.L. (INSTELEC)*, adxudicataria do "Mellora da iluminación mediante sistemas LED na rúa Curros Enriquez, rúa Constitución, rúa Celso Emilio Ferreiro, Parque Francisco Rodriguez, Praza Miguel Angel Blanco e outras" comprendido no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) "POS+ 2017". Expediente 2017/C005/000004**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 30 de novembro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

"Visto que con data 25 de abril de 2018, asinouse o contrato entre o Concello de Cambre e a entidade *Instalaciones Eléctricas Coruñesas, S.L. (INSTELEC)* para a "Mellora da iluminación mediante sistemas LED na rúa Curros Enriquez, rúa Constitución, rúa Celso Emilio Ferreiro, Parque Francisco Rodriguez, Praza Miguel Angel Blanco e outras", comprendido no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) "POS+ 2017"

Expediente 2017/C005/000004

Visto que no antedito expediente depositouse por medio de aval bancario número 366502, na Tesourería municipal unha garantía complementaria de data 22/03/2018 e importe de 1.742,71 euros, con número de rexistro 810, para garantir a execución do contrato.

Visto que con data do 2 de xuño de 2020, a Xunta de Goberno Local acordou devolver a garantía definitiva principal depositada pola entidade no presente expediente, se ben debido a un erro material na parte descriptiva do acorde, fíxose constar que a garantía definitiva depositárase en metálico, cando debería figurar que se depositó por medio de un aval bancario número 366501 con número de rexistro 811.

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a finalización do contrato, e cumprido satisfactoriamente o contrato sen que, por outra banda, o Concello fixese ningunha obxeción ou reparo, isto segundo informe favorable emitido polo Enxeñeiro Técnico Industrial Municipal Ignacio Fernández Díaz , con data do 30 de novembro de 2020.

Visto o informe de fiscalización favorable emitido pola Intervención Municipal con data do 30/11/2020, e tendo en conta o establecido na cláusula 16 b) do Prego de cláusulas administrativas particulares.

En uso das atribucións que me fóreron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo , e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

**ACORDO:**

**Primeiro:** Devolver a garantía complementaria depositada pola entidade "*Instalaciones Eléctricas Coruñesas, S.L. (INSTELEC)*.", con CIF B1502... e enderezo na Rúa Hermita nº34, 15008, A Coruña, no expediente número 2017/C005/000004, para a "Mellora da iluminación mediante sistemas LED na rúa Curros Enriquez, rúa Constitución, rúa Celso Emilio Ferreiro, Parque Francisco Rodriguez, Praza Miguel Angel Blanco e outras", comprendido no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) "POS+ 2017"



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

**Segundo:** Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Terceiro:** Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipal, para os efectos oportunos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a componen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**C) Proposta de adxudicación do contrato menor para a substitución de rede de saneamento na rúa Miguel González Garcés, Cambre, á entidade Jardinería Arce, S.L. no prezo ofertado de 7.768,95 € sen IVE, 9.400,43 € IVE incluído. Expediente núm. 2020/C002/000171**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 1 de decembro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 30 de setembro de 2020 elaborouse pola enxeñeira técnica de Obras Públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë, a memoria técnica para a obra de “Substitución de rede de saneamento na rúa Miguel González Garcés, Cambre”, cun orzamento de 8.960,73 € sen IVE, 10.842,48 € IVE incluído.

Con data 1/10/2020 emítense proposta-informe de necesidade de contratación, asinado pola enxeñeira técnica de Obras Públicas municipal, o concelleiro delegado da Área Urbanismo e Obras e pola concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, motivado na necesidade urgente de substituir a rede de saneamento na rúa Miguel González Garcés, fronte aos números 1, 3 e 5, onde se produciu un afundimeto do terreo na zona adicada a aparcamento, afundimento causado polo mal estado da tubaxe existente, con sifóns e contrapendentes, impedindo a evacuación das augas residuais e provocando posibles filtracións no terreo. Tras a realización dunha cata, confirmouse un asentamento do terreo en toda a fronte do edificio, nos números 1, 3 e 5, nunha lonxitude aproximada de 65 metros lineales, polo que cabe a posibilidade de que se produzan máis afundimentos noutros puntos da líneal da rede de saneamento, co consecuente perigo para os veciños e usuarios da zona. Por outra banda, está incluido no POS + 2020 o proxecto de “Mellora da pavimentación na rúa Miguel González Garcés e As Gamelas”, na actualidade pendente de iniciar o procedemento de contratación, polo que calquera intervención na zona debería facerse previamente á adxudicación desta obra. Isto de conformidade co establecido no artigo 118 da LCSP.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

Con data 14/10/2020 emítese documento de retención de crédito pola Intervención municipal de consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 160. 61900, sendo o órgano competente para a autorización e aprobación do gasto e para a adxudicación a Xunta de Goberno Local.

Consta informe de viabilidade urbanística emitido polo arquitecto municipal con data 27 de outubro de 2020.

Con data 28/10/2020 emítese informe asinado pola enxeñeira técnica de Obras Públicas municipal, no que consta que foron invitadas as seguintes empresas:

- JARDINERÍA ARCE, S.L.
- ALVAC, S.A.
- CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.
- EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL, S.L.
- EXCAVACIONES J. CANCELA ESMORÍS, S.L.

e que presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan:

Empresa	Oferta sen IVE	Oferta IVE incluído
CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L	8.960,73 €	10.842,48 €
ALVAC, S.A.	8.950,00 €	10.829,50 €
EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL, S.L.	8.960,73 €	10.842,48 €
JARDINERÍA ARCE, S.L.	7.768,95 €	9.400,43 €
EXCAVACIONES J. CANCELA ESMORÍS, S.L.	8.960,73 €	10.842,48 €

formulando proposta de adxudicación da obra de "Substitución de rede de saneamento na rúa Miguel González Garcés, Cambre" á empresa JARDINERÍA ARCE, S.L., con CIF B155\*\*\*\*\* e domicilio na rúa Manuel Murguía 4-6 entresollado – 15011 A Coruña, no prezo ofertado de 7.768,95 € sen IVE, 9.400,43 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración Xeral de data 25 de novembro de 2020, e mailo informe de fiscalización nº 401/2020, emitido polo interventor da Corporación con data do 30 de novembro de 2020.

Visto o informe emitido pola enxeñeira técnica de Obras Públicas Municipal con data 30 de novembro de 2020, e tendo en conta a Resolución da Alcaldía nº 1851/2020 de data 1/12/2020, na que se levantan os reparos formulados pola Intervención Municipal.



CONCELLO DE  
CAMBRE

R.E.L. 01150177

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do Concello en materia de abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamiento de augas residuais, así como de infraestructura viaria e outros equipamentos da súa titularidade, contempladas no artigo 25.2. c) e d) da Lei 7/85 do 2 de abril reguladora das bases do réxime local, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Aprobar a memoria técnica para a obra de "Substitución de rede de saneamento na rúa Miguel González Garcés, Cambre", elaborada pola enxeñeira técnica de Obras Públicas municipal, cun orzamento de 8.960,73 € sen IVE, 10.842,48 € IVE incluído, así como a necesidade da contratación.

**Segundo:** Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 160. 61900.

**Terceiro:** Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2020/C002/000171, da obra de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

**Cuarto:** Adxudicar o contrato para a "Substitución de rede de saneamento na rúa Miguel González Garcés, Cambre", á empresa Jardinería Arce, S.L., con CIF B155\*\*\*\*\* e domicilio na rúa Manuel Murguía 4-6 entresollado – 15011 A Coruña, no prezo ofertado de 7.768,95 € sen IVE, 9.400,43 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, sendo este o factor prezo.

**Quinto:** De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

**Sexto:** Designar como directora de obra e responsable do contrato á enxeñeira técnica de Obras Públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

**Sétimo:** Notifíquese á enxeñeira técnica de Obras Públicas municipal, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

**Oitavo:** Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar desde o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).



CONCELLO DE  
CAMBRE

R.E.L. 01150177

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitarse, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a componen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e trinta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria

Maria Luisa de la Red Ampudia